




ATOPA O FACTOR ODS

Obxectivos

- Celebrar o Día Mundial da infancia (20 de novembro).
- Fomentar aprendizaxes sobre os procesos de toma de decisións.
- Estimular a observación da contorna, a capacidade de análise, a creatividade e contribuír a desenvolver a capacidade de expresar necesidades, obxectivos e requisitos, fomentando o dereito á participación e á liberdade de expresión.
- Reforzar o coñecemento sobre as profesións e o desenvolvemento profesional, favorecendo a súa orientación académica e profesional.
- Sumarse á celebración do Día Mundial da Infancia en todo o mundo, un día no que os nenos, nenas e adolescentes toman a palabra.

Materiais necesarios

- Modelo para a elaboración dunha descrición do posto "Factor ODS". Dispoñible en www.unicef.es/gal//educa/factorODS
- Póster dos dereitos da infancia e póster dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, dispoñibles en www.unicef.es/gal//educa/factorODS
- Material para traballar en equipo sobre a descrición: útiles de escritura, pregos grandes de papel, encerado, post-it...
- Material de escritura para encher o modelo de descrición de posto. Tamén cores ou materiais para decorar o documento final.





Desenvolvemento

Introducimos o tema das profesións dentro do marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dos dereitos da infancia. A pregunta inicial pode ser “Que profesións cremos que teñen máis capacidade para traballar polos dereitos da infancia e os ODS?” Isto pode iniciar un debate na aula no que reflexionamos sobre a influencia que distintas profesións poden ter para o logro dun mundo máis xusto, sustentable e respectuoso cos dereitos da infancia. Non é necesario que sexan postos de poder, podemos inspirarnos en profesións da nosa contorna e valorar que poden facer desde a súa posición. Podemos utilizar os pósters dos dereitos da infancia e dos ODS para guiarnos.

Divídese a aula en grupos pequenos e cada un deles elixe unha das profesións sobre as que se falou previamente. Teñen o documento “Factor ODS” e acordan entre eles as características que consideran máis importantes para ese posto de acordo coas instrucións que recibiron. Completan o modelo e decóranlo ao seu gusto para que quede atractivo e chame a atención dos mellores candidatos.

Os perfís de posto poden expoñerse nun lugar visible da aula ou do centro educativo e compartirse en redes sociais co hashtag #FactorODS



- Se difundides o voso traballo en redes sociais, utilizade os hashtag #factorODS e #educadereitos para que chegue ao maior número de xente posible.
- Facede fotos do proceso e das ofertas de candidatura. Todas estas fotos vos axudarán a que outros coñezan os perfís #factorODS que estades buscando e a que, quizais, anímense a realizar os seus propios.
- En cursos superiores podeades organizar un equipo de prensa que faga o seguimento da xornada e poidan escribir un post para o voso blog. Asegurarvos de que as persoas ás que fotografan danlles permiso para tomarlles fotos.
- Se queres que publiquemos os vosos perfís en www.unicef.es/gal/educa, enviádenos un correo a educacion@unicef.es Encantaranos difundilos!
- Descubre máis ideas para o desenvolvemento desta actividade en www.unicef.es/gal/educa/factorODS



DÍA MUNDIAL DA INFANCIA: **TOMAMOS O MANDO**

O concepto de *takeover* (toma de control), proposto por UNICEF en todo o mundo para o 20 de novembro, baséase na idea de que sexan os nenos, nenas e adolescentes os que asuman roles de responsabilidade na súa contorna (medios de comunicación, política, empresas...).

Estas actividades permiten aproveitar os días preto do 20N para dar voz á infancia e fomentar o seu dereito a expresar a súa opinión e que sexa tida en conta.

Podes seguir as iniciativas que se desenvolverán durante este mes de novembro en todo o mundo a través dos hashtag
#WorldChildrensDay #DiaMundialDeLaInfancia
#MiEscuelaMisDerechos.



Táboa de aprendizaxes

Esta actividade está indicada para todos os niveis educativos, realizando as adaptacións curriculares necesarias.

OBXECTIVOS

- Entender o papel que poden xogar as distintas profesións no logro dun mundo máis xusto e sostible.
- Reflexionar sobre as cualidades que fan valiosa a unha persoa no seu posto de traballo.
- Descubrir profesións descoñecidas ou pouco recoñecidas.
- Aprender a valorar as profesións non polo seu poder, prestixio ou fama, se non polo impacto positivo que teñen na sociedade.

COÑECEMENTOS

- As profesións e orientación académico-profesional.
- Introducción aos procesos de selección: como se define un posto e que se busca nas candidaturas.

ACTITUDES

- Visión positiva das profesións polo seu impacto positivo na sociedade (fronte á súa fama ou prestixio).
- Valorar os coñecementos e habilidades relacionados con cada profesión.

COMPETENCIAS

- Capacidade de expresar obxectivos e metas.
- Traballo en equipo.
- Expresión plástica e visual.

Que temas de dereitos da infancia e cidadanía global abordamos nesta actividade?

- O dereito á participación de nenos, nenas e adolescentes e a expresar a súa opinión nos asuntos que lles afectan.
- O dereito á educación e á orientación e formación profesional, o seu papel no desenvolvemento das máximas capacidades de cada neno ou nena.
- O dereito ao desenvolvemento de cada persoa e a súa contribución ao desenvolvemento da súa comunidade e a humanidade no seu conxunto.
- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.

